

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTO	3
2.1 Características socioeconómicas.....	3
2.2 Características do Centro	3
2.3. O alumnado	3
3. FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA	4
4. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE	5
5. CONTIDOS	10
5.1 Contidos da área de lingua castelá e literatura	10
5.2 Contidos da área de matemáticas.....	12
5.3 Contidos da área de ciencias sociais.....	14
5.4 Contidos da área de ciencias da natureza	16
5.5 Contidos da área de lingua galega e literatura.	18
5.6 Contidos da área de plástica.....	21
5.7 Contidos da área de valores sociais e cívicos	22
6. TEMPORALIZACIÓN	23
6.1 Área de lingua castelá, lingua galega, matemáticas.....	23
6.2 Valores sociais e cívicos	24
6.3 Educación plástica	24
7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	24
7.1. Actividades de ensino-aprendizaxe.....	25
7.2. Materiais e recursos didácticos.....	25
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	26
8.1. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.....	26
9. AVALIACIÓN	26
9.1 Autoavaliación (criterios para avaliar a propia programación)	27
9.2 Criterios de avaliación.....	27
9.3 Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	27
9.3.1 Lengua Castellana. Criterios de avaliación	27
9.3.2 Lengua Castellana. Estándares de aprendizaxe	30
9.3.3 Lingua galega. Criterios de avaliación	34
9.3.4 Lingua galega. Estándares de aprendizaxe	36
9.3.5 Matemáticas. Criterios de avaliación	40
9.3.6 Matemáticas. Estándares de aprendizaxe	42
9.3.7 Ciencias sociais. Criterios de avaliación	47
9.3.8 Ciencias Sociais. Estándares de aprendizaxe.....	50
9.3.9 Ciencias da natureza. Criterios de avaliación	55
9.3.10 Ciencias da natureza. Estándares de aprendizaxe.....	57
9.3.11 Plástica. Criterios de avaliación.....	60
9.3.12 Plástica. Estándares de aprendizaxe.....	60
9.3.13 Valores. Criterios de avaliación.....	61
9.3.14 Valores. Estándares de aprendizaxe.....	61
10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA	62
10.1 Ciencias naturais e sociais.....	62
10.2 MATEMÁTICAS.....	64
10.3 LENGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA	64
10.4 VALORES	65
10.5 PLÁSTICA	65
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	65

12. PROXECTO LECTOR	66
13. INTEGRACIÓN DAS TICS	67

1. INTRODUCCIÓN

No período da educación primaria, o alumnado sofre grandes cambios e evoluciona tanto a nivel cognitivo, motriz como afectivo-social. Será polo tanto un período no que os educadores deben prestar considerable atención a estes cambios e deben tratalos co fin de poder dar respostas ás distintas situacións coas que se poidan encontrar. Esta etapa tamén será o inicio da preadolescencia e xa se poderán observar os primeiros cambios a nivel físico, cambios de imaxe e outros que poden producir sentimentos de inferioridade e inseguridade, polo que o tratamento oportuno por parte da docencia é de especial relevancia.

Para poder conseguir os mellores resultados, calquera actividade se pode planificar, polo que o traballo do docente pódese programar como planificación da súa actividade atendendo a todas as variables que o rodeen. A programación é un proxecto didáctico cun contido concreto e cun enfoque metodolóxico que responde a unha orde lóxica e didáctica da materia sempre dentro da flexibilidade, para adaptarse a diversas circunstancias específicas que poderían aparecer ao longo desta.

A programación é un instrumento imprescindible no traballo didáctico e, por conseguinte, sempre será o punto de mira da avaliación. Unha reflexión constante sobre a posta en práctica das unidades da programación axudará a mellorar a práctica educativa. Unha programación nunca será pechada, senón que, polo contrario, no momento da súa confección habería que ter sempre presente este concepto de carácter aberto e mellorable.

2. CONTEXTO

2.1 Características socioeconómicas.

O colexio ubícase nunha zona rural do interior, de poucos habitantes cun nivel económico medio.

É unha zona moi tranquila na que a súa poboación se dedica, a gran maioría, á gandaría e á agricultura. Os alumnos e alumnas viven en aldeas que se encontran moi distanciadas unhas doutras e soen estar polo xeral tamén bastante lonxe do colexio; isto supón que teñen que ir en autobús ao colexio, que se encontren máis illados e non teñan moitos compañeiros e compañeiras da súa idade con quen compartir os xogos na mesma aldea.

2.2 Características do Centro

É un Centro de educación infantil, primaria e secundaria (CPI) que conta con xornada mixta cun horario de 9:30 a 16:00 horas. Este Centro é público e nel danse clase aos nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. A zona de infantil e primaria consta de 7 unidades repartidas da seguinte forma: unha unidade para a etapa infantil (alumnado de cuarto, quinto e sexto de infantil con idades comprendidas entre tres e seis anos), e seis unidades para a etapa de primaria, dúas unidades para primeiro e segundo, dúas unidades para terceiro e cuarto e outras dúas para quinto e sexto.

O edificio ten dous andares: o primeiro está ocupado pola etapa de infantil, biblioteca, secretaría, conserxería, comedor e sala de mestres; o segundo andar localizamos as aulas dos distintos niveis de primaria, a aula de P.T e a aula de música. Noutro edificio colindante ubícase a zona de secundaria.

2.3. O alumnado

O alumnado ao que se fai referencia correspóndese ao primeiro nivel, na que a idade media está entre seis e sete anos. O dito grupo consta de nove alumnos e alumnas: oito son nenas e un é neno. Este neno ten un trastorno da linguaxe e será apoiado polos mestres de P.T e A.L. Os alumnos aos que facemos referencia podemos encadralos, segundo Piaget, na etapa preoperacional na que o neno e a nena descobre que algunhas cousas poden tomar o lugar doutras. O pensamento infantil xa non está suxeito a accións externas, comenza a interiorizarse. As representacións internas proporcionan o vehículo de máis mobilidade para a súa crecente intelixencia. As formas de representación internas que emerxen simultaneamente ao principio deste período son: a imitación, o xogo simbólico, a imaxe mental e un rápido desenvolvemento da linguaxe falada. A pesar de importantes adiantos no funcionamento simbólico, a habilidade infantil para pensar lóxicamente está marcada con certa inflexibilidade e é altamente egocentrista.

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Despois de deixar claro en que tipo de Centro se vai levar a cabo a programación, a continuación tamén se detallará que intencións educativas se pretenden e que obxectivos guían a dita labor para facilitar a súa comprensión.

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto establecer o currículo da educación primaria de acordo co disposto nos artigos 6 e 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 3 do Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.

Así mesmo, ten por obxecto regular a ordenación da dita etapa educativa, de acordo coa disposición final sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Polo tanto, as intencións educativas que se perseguen na Educación Primaria, veñen expresadas a través das finalidades e os obxectivos finais de etapa. En canto á primeira:

1. A finalidade da educación primaria é facilitarles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

2. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

3. A etapa de educación primaria forma parte do ensino básico e, polo tanto, ten carácter obrigatorio e gratuíto.

4. A etapa de educación primaria comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade, e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

5. Os alumnos e as alumnas incorporaranse, con carácter xeral, ao primeiro curso de educación primaria no ano natural no que cumpren seis anos.

En canto á segunda, os obxectivos xerais aos que se fai referencia son:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun/nunha mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.*
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.*
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.*
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.*
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.*
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de apliclos ás situacións da súa vida cotiá.*
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega.*

- i) *Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.*
- j) *Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.*
- k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- l) *Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.*
- m) *Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.*
- n) *Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.*
- o) *Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e ás sociedade galegas.*

4. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Unha competencia supón a combinación de:

- habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

A **aprendizaxe baseada en competencias caracterízase** pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

O proceso de ensino e aprendizaxe competencial **débese abordar desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa**, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de maneira especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1ª. Comunicación lingüística (CCL).
- 2ª. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3ª. Competencia dixital (CD).
- 4ª. Aprender a aprender (CAA).
- 5ª. Competencias sociais e cívicas (CSC).

6ª. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE).

7ª. Cociencia e expresións culturais (CCEC).

CC. CLAVE									
ÁREAS									
linguas xogadas									
GA*									
Áreas informativas e									

publicitarias,
contribúese á creación de
hábitos de consumo responsable.

CC. CLAVE	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE	CCL
--------------	------	----	-----	------	-----	-------	-----

ÁREAS	<p>*Comprender, describir e interactuar co entorno físico que os rodea. *As posicións no espazo, as figuras e corpos xeométricos, simetría e competencia no emprego de planos, mapas, rutas. *Os contidos de números e operacións e medida axudan a comprender a realidade, e a interactuar con ela. *Co estudo dos gráficos entenden e producen informacións sobre o contorno.</p>	<p>*Comparación de números, aproximación, as distintas formas de expresar e de usar os números; e por outro, traballa a recollida e tabulación de datos, e a interpretación e representación de táboas de dobre entrada. *En 2º curso, faise tamén unha introdución ao uso da calculadora para realizar operacións sinxelas.</p>	<p>*O rigor, o coidado, a perseveranza e o traballo en equipo e a consideración e reflexión sobre as opinións e puntos de vista e outros.</p>	<p>*A Xeometría *O permítenlle ao alumno comprender as manifestacións artísticas, e ser capaz dos de utilízalos para crear obras propias. potencíanse ao abordar</p>	<p>*As nocións matemáticas firmes e o manexo de información facilitan aprendizaxes. *Actitudes como a autonomía e o esforzo correcto, na situacións complexas de maneira sistemática. *A verbalización dos procesos seguidos axuda tamén á reflexión sobre o aprendido e a consecución dunha aprendizaxe efectiva.</p>	<p>*A planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. *A resolución de situacións abertas fomenta a confianza nas propias capacidades.</p>	<p>*Pór atención na incorporación dos termos matemáticos á linguaxe usual e o seu uso descripción verbal dos procesos e na comprensión dos problemas. Os alumnos falan, escriben, escoitan e explican o proceso seguido</p>
-------	---	--	---	--	--	---	--

CC. CLAVE	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE	CCL
ÁREAS							
ED. PLÁSTI CA E VISUA L	<p>*Conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e en aquelas ocasións en que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo.</p> <p>*En música se traballan o ritmo o as escalas.</p> <p>*Apreciación do entorno a través do traballo perceptivo con sons, formas, cores, liñas, texturas, luz ou movemento presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas.</p> <p>*As agresións que deterioran a calidade de vida, coma a contaminación sonora ou as solucións estéticas pouco afortunadas de espazos, obxectos ou edificios, axudan a tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un entorno físico agradable.</p>	<p>* Creación de producións artísticas e análise da imaxe e o son e das mensaxes que estes transmiten.</p> <p>*Busca de información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce, para seleccionar e intercambiar informacións referidas a ámbitos culturais do pasado e do presente, próximos ou doutros pobos.</p>	<p>*Cooperación, asunción de responsabilidades, seguimento de normas e instrucións, coidado e conservación de materiais e instrumentos, aplicación de técnicas concretas e utilización de espazos de maneira apropiada.</p>		<p>* Os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas o espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten a nenos e nenas dunha bagaxe suficiente para utilízalos en situacións diferentes.</p>	<p>*O proceso de exploración inicial ata o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. *Elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograre a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso.</p>	<p>*Uso das normas: explicación dos procesos que se desenvolven e do vocabulario específico</p> <p>* Cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, adición o a articulación.</p> <p>* Descripción de procesos de traballo, na argumentación sobre as solucións dadas o na valoración da obra artística.</p>

5. CONTIDOS

5.1 Contidos da área de lingua castelá e literatura.

Bloque 1. Comunicación oral: hablar y escuchar

- *Situaciones de comunicación, espontáneas o dirigidas, con distinta intención comunicativa utilizando un discurso ordenado y coherente.*
- *Comprensión y expresión de mensajes verbales y no verbales.*
- *Estrategias y normas para el intercambio comunicativo: participación; atención, escucha; respeto por el turno de palabra; papel de moderador; entonación adecuada; respeto por los sentimientos, experiencias, ideas, opiniones y conocimientos de los demás.*
- *Expresión y producción de textos orales: narraciones de situaciones o experiencias personales, textos populares (cuentos, refranes, poemas, canciones, adivinanzas...). Descripciones de personas, animales y objetos. Breves exposiciones.*
- *Comprensión de textos orales Sentido global del texto. Ideas principales. Ampliación del vocabulario. Bancos de palabras.*
- *Valoración de los contenidos transmitidos por el texto. Deducción de las palabras por el contexto. Reconocimiento de ideas no explícitas. Resumen oral.*
- *Audición, reproducción y memorización de cuentos, poemas, trabalenguas, refranes, adivinanzas, retahílas, canciones, que estimulen el interés del niño.*
- *Estrategias para utilizar el lenguaje oral como instrumento de comunicación y aprendizaje: escuchar, preguntar y participar.*

Bloque 2. Comunicación escrita: leer y escribir.

- *Recursos gráficos en la comunicación escrita. Método de lectoescritura.*
- *Lectura comprensiva de textos leídos en voz alta y en silencio.*

- *Audición de diferentes tipos de textos. Modelaje lector.*
- *Estrategias para la comprensión lectora de textos: título. Ilustraciones. Palabras clave. Capítulos. Relectura. Anticipación de hipótesis y comprobación. Síntesis. Estructura del texto. Tipos de textos. Contexto. Sentido global del texto. Ideas principales y secundarias. Resumen.*
- *Gusto por la lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fuente de información, de deleite y de diversión.*
- *Identificación y valoración crítica de los mensajes y valores transmitidos por el texto.*
- *Uso de la biblioteca para la lectura y su utilización como recurso de animación lectora.*
- *Selección de libros según el gusto personal.*
- *Recursos gráficos en la comunicación escrita. Método de lectoescritura.*
- *Producción de textos breves para comunicar conocimientos, experiencias y necesidades.*
- *Creación de textos utilizando el lenguaje verbal y no verbal con intención informativa: carteles publicitarios. Anuncios. Tebeos.*
- *Estrategias para la producción de textos a partir de modelos.*
- *Aplicación de las normas ortográficas elementales y signos de puntuación.*
- *Caligrafía. Orden y presentación.*
- *Plan de escritura. Dictados*

Bloque 3. Conocimiento de la lengua.

- *Vocales y consonantes. El abecedario e iniciación al orden alfabético.*
- *La sílaba.*
- *La palabra. Reconocimiento de las distintas clases de palabras en los textos (nombre, verbo, adjetivo). Características y uso de cada clase de palabra. Género y número. Concordancia.*
- *Vocabulario. Campos semánticos. Familias de palabras. Composición y derivación.*

Bloque 4. Educación literaria.

- *Conocimiento de los cuentos tradicionales: cuentos maravillosos, cuentos de fórmulas, de animales...*
- *Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral y de literatura infantil.*
- *Audición de poemas, relatos y obras teatrales muy breves.*
- *Comprensión, memorización y recitado de poemas con el ritmo, entonación y dicción adecuados.*
- *Dramatización de textos literarios.*
- *Valoración de los textos literarios como vehículo de comunicación y como fuente de conocimiento de otros mundos, tiempos y culturas, y como disfrute personal.*

5.2 Contidos da área de matemáticas

Bloque 1. Procesos, métodos y actitudes en Matemáticas.

- *Planificación del proceso de resolución de problemas.*
- *Análisis y comprensión del enunciado.*
- *Estrategias y procedimientos puestos en práctica: hacer un dibujo, una tabla, un esquema de la situación, ensayo y error razonado, operaciones matemáticas adecuadas, etc.*
- *Resultados obtenidos. Planteamiento de pequeñas investigaciones en contextos numéricos, geométricos y funcionales.*
- *Acercamiento al método de trabajo científico mediante el estudio de algunas de sus características y su práctica en situaciones sencillas.*
- *Confianza en las propias capacidades para desarrollar actitudes adecuadas y afrontar las dificultades propias del trabajo científico.*

- *Utilización de medios tecnológicos en el proceso de aprendizaje para obtener información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas y presentar resultados.*
- *Iniciación en el uso de la calculadora.*
- *Integración de las tecnologías de la información y de la comunicación en el proceso de aprendizaje.*

Bloque 2. Números

Números naturales:

- *Orden numérico. Utilización de los diez primeros números ordinales. Comparación de números.*
- *Nombre y grafía de los números hasta el noventa y nueve.*
- *Estimación de resultados.*
- *Comprobación de resultados mediante estrategias aritméticas.*
- *Ordenación de números de la primera centena.*

Operaciones:

- *Operaciones con números naturales: adición, sustracción, iniciación a la multiplicación y al reparto.*
- *La multiplicación como suma de sumandos iguales, y viceversa.*
- *Propiedad conmutativa de la suma utilizando números naturales.*
- *Resolución de problemas de la vida cotidiana.*

Cálculo:

- *Utilización de los algoritmos estándar de suma y resta. Automatización de los algoritmos.*
- *Descomposición de forma aditiva.*
- *Construcción de series ascendentes y descendentes.*
- *Iniciación en la construcción de las tablas de multiplicar.*

Bloque 3. Medidas.

- *Comparación y ordenación de medidas de una misma magnitud.*
- *Realización de medidas sencillas.*
- *Desarrollo de estrategias para medir figuras de manera exacta y aproximada.*
- *Elección de la unidad más adecuada para la expresión de una medida.*
- *Explicación oral y escrita del proceso seguido y de la estrategia utilizada en cualquiera de los procedimientos utilizados.*
- *Resolución de problemas de medida sencillos.*

Medida de tiempo:

- *Unidades de medida del tiempo (hora, día, semana, mes y año) y sus relaciones.*
- *Primeras lecturas en relojes analógicos y digitales.*
- *Cálculos sencillos con las medidas temporales estudiadas.*

Sistemas monetarios:

- *El euro.*
- *Múltiplos y submúltiplos, monedas y billetes.*

Bloque 4. Geometría.

- *Conceptos izquierda-derecha, delante-detrás, arriba-abajo y cerca-lejos.*
- *Clasificación de líneas rectas, curvas.*
- *Identificación de formas rectangulares, triangulares y circulares.*

Bloque 5. Estadística y probabilidad.

- *Representación de datos mediante un diagrama de barras.*
- *Lectura e interpretación de datos e informaciones*

5.3 Contidos da área de ciencias sociais

Bloque 1. Contidos comúns.

- *Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais.*
- *Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).*
- *Iniciación á utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar e seleccionar información.*
- *Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.*
- *Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas, de xeito guiado e con modelos sinxelos.*
- *Técnicas de traballo intelectual.*
- *Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.*
- *Fomento de técnicas de animación á lectura de textos sinxelos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).*
- *Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.*
- *Uso correcto de diversos materiais cos que se traballa.*
- *Planificación e xestión de proxectos sinxelos e de xeito guiado, co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora.*
- *Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.*

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

- *O medio natural: observación dos seus trazos principais.*
- *O aire: elemento imprescindible para os seres vivos. Características. O vento.*

- *O tempo atmosférico. Fenómenos atmosféricos observables: estado do ceo, chuvia, neve, etc.*
- *O Sol, a Lúa, as estrelas. O día e a noite.*
- *A auga: elemento indispensable para os seres vivos. Características. Estados da auga. Usos cotiáns da auga. Consumo responsable.*
- *Elementos naturais e humanos da paisaxe.*
- *A contaminación e o coidado da natureza.*

Bloque 3. Vivir en sociedade.

- *A familia. Modelos familiares. Relacións de parentesco.*
- *O colexio: Organización escolar, a clase, os compañeiros, o material escolar, os espazos físicos.*
- *Os amigos. Grupos da localidade deportivos, recreativos, culturais...*
- *Os Deberes e os dereitos das persoas.*
- *A casa: estanzas.*
- *A rúa: características e mobiliario urbano.*
- *Convivencia na rúa.*
- *As aldeas, as vilas e as cidades.*
- *Os medios de transporte.*
- *A Educación Viaria.*

Bloque 4. As pegadas do tempo.

Uso e medida do tempo.

Nocións básicas: antes, despois, pasado, presente, futuro, duración.

Unidades de medida: día, semana, mes e ano.

As estacións do ano.

Acontecementos do pasado e do presente.

Medios para reconstruír o pasado.

5.4 Contidos da área de ciencias da natureza

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

Iniciación á actividade científica.

Aproximación experimental a algunhas cuestións.

Utilización de diferentes fontes de información (directas, e indirectas).

Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información de xeito guiado.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro

Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

Traballo individual e en grupo.

Planificación de proxectos e presentación de informes.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

O corpo humano. Partes do corpo.

Identificación dos seres humanos como seres vivos.

Os alimentos: a súa función no organismo.

Hábitos de alimentación. A dieta equilibrada.

Saúde e enfermidade. As prácticas saudables.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

A hixiene persoal, o descanso, o ocio, e o coidado do corpo.

As emocións e os sentimentos.

Bloque 3. Os seres vivos.

Os seres vivos. As plantas e os animais. Identificación de diferenzas.

Observación directa e indirecta de animais. Clasificación segundo elementos observables, identificación e denominación.

Características e formas de vida de distintos tipos de animais.

Partes constituíntes e principais funcións dos animais.

As relacións dos seres humanos cos animais, coidados que necesitan para vivir.

Identificar e observar as características que diferencian os tipos de plantas.

Observar algunas plantas silvestres e outras cultivadas.

Coñecer as partes da planta.

Bloque 4. Materia e enerxía.

Tipos de materiais. Clasificación segundo criterios elementais.

Iniciación á actividade científica.

Redución, reutilización e reciclaxe.

Aforro enerxético e protección do medio.

Uso responsable da auga.

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

Máquinas e aparatos. Observación de máquinas e aparatos e do seu funcionamento.

Identificación e descrición de profesións en función dos materiais, ferramentas e máquinas que utilizan.

Uso de materiais, substancias e ferramentas na aula e no centro. Seguridade persoal.

Descubrimentos e inventos tecnolóxicos que facilitan a vida diaria das persoas.

Uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

5.5 Contidos da área de lingua galega e literatura.

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

- *Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.*
- *Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.*

- *Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo)*
- *Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opcións linguísticas e opinións de quen fala sen interrupcións inadecuadas.*
- *Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita)*
- *Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.*
- *Actitude de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida.*
- *Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.*
- *Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.*
- *Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.*

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- *Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.*
- *Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.*

- *Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións)*
- *Interpretación da información das ilustracións.*
- *Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.*
- *Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.*
- *Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.*
- *Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.*

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

- *Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.*
- *Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.*
- *Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais)*
- *Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.*
- *Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto)*
- *Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.*

- *Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.*
- *Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.*
- *Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.*
- *Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión.*

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

- *Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.*
- *Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.*
- *Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.*
- *Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.*
- *Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.*
- *Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.*

Bloque 5: Educación literaria.

- *Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.*
- *Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.*

- *Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.*
- *Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.*
- *Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.*
- *Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.*
- *Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.*

5.6 Contidos da área de plástica

Bloque 1. Educación audiovisual.

- *Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno.*
- *Valoración da limpeza e orde ao presentar un traballo.*
- *Satisfacción na manipulación de distintos materiais.*
- *Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos, etc.*
- *Descrición de imaxes.*
- *Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, luminosos ou sinais.*

Bloque 2. Expresión artística

- *Uso de diferentes formas.*
- *Elaboración de debuxos, colaxes, volumes...*
- *Manipulación de obxectos para a súa transformación.*
- *Manipulación adecuada de materiais e espazos.*

5.7 Contidos da área de valores sociais e cívicos

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

- *O autocoñecemento. A toma de conciencia dun mesmo.*
- *As emocións. Identificación e expresión.*
- *A autorregulación das condutas cotiás.*
- *A responsabilidade.*

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

- *Habilidades de comunicación. A importancia de pensar o que se vai a expresar.*
- *A conversa. A expresión clara de ideas. A escoita.*
- *O respecto aos demais.*
- *A comprensión dos demais. A detección das calidades das persoas.*

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

- *As habilidades sociais. A detección das propias necesidades. A boa disposición para recibir e dar axuda.*
- *A resolución de conflitos.*
- *As normas de convivencia.*
- *Respecto e conservación do medio ambiente.*
- *Valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola.*
- *A educación viaria. As normas básicas de educación viaria.*

□

6. TEMPORALIZACIÓN

6.1 Área de lingua castelá, lingua galega, matemáticas, ciencias naturais e sociais.

A planificación anual dos contidos das áreas de lingua galega, lingua castelá,

ciencias naturais, ciencias sociais e matemáticas, repártase en 12 unidades didácticas que se tratarán cos alumnos/as ao longo de 42 semanas, repartidas en 3 trimestres onde a finalización coincidirá coas vacacións de Nadal, Semana Santa e final de curso no mes de xuño.

O esquema xeral de desenvolvemento queda reflectido no seguinte cadro:

MES	QUINCENA	UNIDADES DIDÁCTICAS
Outubro	Primeira	U.D. 1 de cada área
Outubro	Segunda	U.D. 2 de cada área
Novembro	Primeira	Repaso e afianzamento.
Novembro	Segunda	U.D. 3 de cada área
Decembro	Primeira	U.D. 4 de cada área
Xaneiro	Primeira	Repaso e afianzamento
Xaneiro	Segunda	U.D. 5 de cada área
Febreiro	Primeira	U.D. 6 de cada área
Febreiro	Segunda	U.D. 7 de cada área
Marzo	Primeira	U.D. 8 de cada área
Marzo	Segunda	Repaso e afianzamento
Abril	Primeira	U.D. 9 de cada área
Abril	Segunda	U.D. 10 de cada área
Maio	Primeira	U.D. 11 de cada área
Maio	Segunda	U.D. 12 de cada área
Xuño	Primeira	Repaso e afianzamento

6.2 Valores sociais e cívicos

1ª AVALIACIÓN Autocontrol, autoconceito e responsabilidade.

2ª AVALIACIÓN As habilidades de comunicación, o diálogo e a empatía.

3ª AVALIACIÓN As normas de convivencia, a cooperación e a resolución de conflitos.

6.3 Educación plástica

1ª AVALIACIÓN Retrato do rostro humano, escena con variantes fondos de cor, composición de paisaxe, representación do volumen.

2ª AVALIACIÓN Pintura surrealista, pintura con pincel, trazos e manchas de cor.

3ª AVALIACIÓN Avance por diferentes pintores e introducción nalgunhas das súas obras como Miró, Van Gogh, Dalí, Munch...

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- *Se inicia en el uso de la calculadora para resolver problemas y para comprobar resultados, teniendo en cuenta las normas de su funcionamiento.*

Bloque 3. Medidas.

- *Utiliza los instrumentos y las unidades de medida más adecuados para medir objetos, espacios y tiempos, explicando oralmente el proceso seguido.*
- *Expresa, aproximación o encuadre, la medida de la longitud de un objeto dado, utilizando unidades naturales (palmos, pies, pasos) o unidades no convencionales.*
- *Determina la capacidad de recipientes mediante trasvases.*
- *Determina longitud, peso y capacidad de objetos de la clase, utilizando los instrumentos o medios adecuados y explicando de forma oral el proceso seguido y la estrategia utilizada.*

Medida de tiempo:

- *Emplea expresiones temporales para situar u ordenar rutinas y acciones a llevar a cabo a lo largo de un día.*

- *Identifica los días de la semana, los meses del año y las estaciones, relacionándolos con eventos escolares y meteorológicos.*
- *Reconoce la unidad de tiempo adecuada para expresar diferentes duraciones.*

Sistemas monetarios:

- *Identifica las monedas y los billetes de curso legal (billetes de 5, 10, 20 y 50 euros).*
- *Reconoce múltiplos y submúltiplos del euro, utilizando monedas y billetes.*

Bloque 4. Geometría.

- *Describe la situación de un objeto, utilizando los conceptos izquierda-derecha, delante-detrás, arriba-abajo y cerca-lejos.*
- *Localiza un objeto en el entorno a partir de una información verbal que incluya conceptos espaciales.*
- *Realiza un recorrido a partir de una información oral que incluya los conceptos izquierda-derecha, delante-detrás, arriba-abajo y cerca-lejos.*
- *Observa, identifica y clasifica líneas rectas, curvas, figuras planas y espaciales más comunes en su entorno.*
- *Observa, manipula, identifica, diferencia, describe y reproduce formas rectangulares, triangulares y circulares, utilizando un vocabulario básico (líneas curvas y rectas, lados...)*

Bloque 5. Estadística y probabilidad

- *Utiliza plantillas para recoger información sobre fenómenos muy cercanos, obteniendo datos utilizando técnicas de observación y conteo organizándolos en tablas.*

- *Elabora y completa tablas de doble entrada.*
- *Representa datos mediante un diagrama de barras.*
- *Lee e interpreta datos e informaciones que aparecen en diagramas de barras, y en tablas y gráficas.*
- *Resuelve problemas que impliquen una sola orden, planteados a partir de gráficas.*

9.3.7 Ciencias sociais. Criterios de avaliación

Bloque 1. Contidos comúns

- *Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).*
- *Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.*
- *Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.*
- *Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo.*
- *Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.*
- *Respectar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.*
- *Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social creando estratexias para resolver conflitos.*
- *Valorar a cooperación e o dialogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.*

- *Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.*
- *Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.*

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

- *Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado a través da observación.*
- *Coñecer a composición do aire e as súas principais características, comprendendo que é un elemento imprescindible para a vida, e entendendo que é e como se produce o vento.*
- *Describir o tempo atmosférico a través de sensacións corporais (frío, calor, humidade, sequidade...) diferenciando unhas doutras.*
- *Observar, indagar e coñecer algunhas características do Sol, da Lúa e das estrelas, describindo algúns fenómenos cotiáns como o día e a noite.*
- *Recoñecer a auga como elemento imprescindible para a existencia dos seres humanos e dos demais seres vivos, valorándoa como un ben indispensable e escaso e facendo un uso responsable dela.*
- *Diferenciar entre os elementos naturais e os elementos que construíron os seres humanos no seu contorno máis próximo, valorando o impacto dalgunhas actividades humanas sobre o medio.*
- *Desenvolver actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos, valorando o seu medio natural e o coidado deste.*

Bloque 3. Vivir en sociedade.

- *Recoñecer as relacións simples de parentesco, coñecer os seus apelidos, expresando o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.*
- *Entender as tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.*
- *Recoñecer a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais), apreciando as súas características e trazos propios.*
- *Participar en actividades de grupo, respectando os principios básicos de convivencia.*
- *Comprender a organización social do seu ámbito próximo (casa, barrio, municipio...)*
- *Respectar o cumprimento das normas básicas como peóns e usuarios de medios de transportes identificando os medios de transporte máis comúns no contorno.*
- *Observar e discriminar diferentes elementos viarios que ha de recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá.*
- *Utilizar a linguaxe oral como medio para expresar sentimentos, desexos e ideas en situacións de comunicación habituais.*

Bloque 4. As pegadas do tempo.

- Iniciar a reconstrución da memoria do pasado próximo, partindo de fontes familiares.
- Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo, utilizando métodos sinxelos de observación e unidades de medida temporais básicas (día, semana, mes, ano)
- Utilizar o calendario, como representación do paso do tempo, localizando nel meses, días ou datas significativas.
- Secuenciar feitos aplicando as unidades de tempo básicas e expresando os cambios que se producen nalgúns aspectos da súa vida.
- Identificar feitos acontecidos no pasado e no presente situándoos no seu contexto correspondente.

9.3.8 Ciencias Sociais. Estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Contidos comúns.

- *Busca, selecciona e organiza, de xeito guiado información relacionada coas Ciencias Sociais, comunicándoa oralmente.*
- *Utiliza, con axuda dos adultos, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.*
- *Analiza, de xeito guiado, informacións relacionadas coa área e manexa de forma sinxela imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.*
- *Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.*
- *Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.*
- *Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.*
- *Realiza traballos e presentacións sinxelas a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.*
- *Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.*
- *Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.*
- *Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos, sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.*
- *Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.*
- *Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, barrio etc.)*

- *Valora a cooperación e o dialogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.*
- *Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que lle fan activo ante as circunstancias que o rodean.*
- *Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.*
- *Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.*
- *Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.*

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

- *Describe oralmente os elementos básicos do medio natural.*
- *Realiza observacións dos elementos principais do contorno seguindo pautas marcadas polos adultos.*
- *Elabora e recolle información sobre aspectos do seu medio natural, utilizando imaxes, debuxos, fontes orais e/ou escritas.*
- *Describe de xeito sinxelo algunhas características do aire e identifícao como un elemento imprescindible para a vida.*
- *Explica que é o vento e identifica o viraventos como un aparato que mostra a súa dirección.*
- *Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (chuvia, neve, trono, raio, etc.) que se producen no seu contorno máis próximo.*
- *Observa algúns fenómenos atmosféricos e realiza as súas primeiras formas de representación.*
- *Realiza unha recollida sinxela de datos con aparatos meteorolóxicos cotiáns.*
- *Identifica algunhas das características do Sol, e recoñece a importancia deste astro para a vida na Terra.*
- *Discrimina as partes do día e describe oralmente o que fai en cada unha delas.*

- *Observa algúns elementos e fenómenos naturais como o día e a noite, e explica oralmente por que se producen.*
- *Identifica a auga como elemento imprescindible para a existencia do ser humano e dos demais seres vivos.*
- *Valora a auga como un ben escaso e desigualmente repartido e realiza un consumo responsable desta.*
- *Diferencia entre elementos naturais e os que construíu o home no seu contorno próximo, e descríbneos oralmente.*
- *Identifica algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.) e describe como modificaron o medio natural.*
- *Desenvolve actitudes positivas fronte a problemas ambientais.*
- *Recoñece os efectos positivos e negativos das actuacións humanas no medio natural e expresa, de xeito sinxelo, a súa opinión sobre iso.*
- *Identifica as posibles causas da contaminación do aire e da auga e toma conciencia da necesidade da súa conservación para as futuras xeracións.*

Bloque 3. Vivir en sociedade.

- *Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares.*
- *Coñece os seus apelidos e a pertenza a unha familia con características e trazos propios.*
- *Identifica os membros da comunidade escolar e respecta as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.*
- *Valora a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais) recoñecendo as súas características e trazos propios.*
- *Recoñece os costumes doutros grupos sociais e étnicos, valora as súas culturas e as súas manifestacións como mostra de diversidade.*
- *Respecta as normas de convivencia e as regras establecidas na familia e na clase.*
- *Participa nas actividades grupais do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.) e respecta a normas de convivencia.*

- *Respecta os demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de palabra, achega ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.)*
- *Utiliza a asemblea de clase como medio para formular e resolver conflitos.*
- *Coñece os distintos tipos de barrios, dentro da súa localidade e identifica a aldea, a vila e a cidade coas súas semellanzas e diferenzas.*
- *Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente cada unha delas.*
- *Describe oralmente as dependencias da casa, explicando o uso de cada unha delas.*
- *Recoñece e nomea os diferentes elementos que compoñen a rúa.*
- *Enumera algunhas características das aldeas, as vilas e as cidades.*
- *Establece percorridos e traxectos nun plano sinxelo da súa localidade e distingue traxecto longo, curto e seguro.*
- *Coñece e respecta as normas básicas de seguridade viaria e utilízaa tanto como peón como usuario de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar ao condutor...)*
- *Recoñece as diferenzas entre os distintos medios de transporte valorando a súa utilidade.*
- *Clasifica os distintos medios transportes que existen no seu contorno e diferencia os medios de transporte de persoas e mercadorías.*
- *Identifica e interpreta os sinais de tráfico necesarios para andar pola rúa: cor dos semáforos, paso de peóns...*
- *Expresa sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral en situacións de comunicación habituais.*

Bloque 4. As pegadas do tempo.

- *Investiga de forma guiada pequenos feitos sobre a historia da súa familia e realiza unha sinxela recollida de datos e información do seu ámbito familiar.*
- *Realiza unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia, con axuda dos adultos, atendendo ás nocións básicas do tempo.*
- *Organiza a historia da súa familia a través dun álbum fotográfico.*

- *Utiliza as fontes orais e da información proporcionada por obxectos e recordos familiares para reconstruír o pasado.*
- *Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.*
- *Clasifica temporalmente diferentes imaxes atendendo a nocións como: antes, agora, despois.*
- *Ordena actividades en función das nocións temporais: antes, despois...*
- *Establece unha orde cronolóxica partindo das relacións familiares e da idade dos seus membros, e identifica os conceptos de pasado, presente e futuro.*
- *Localiza e sitúa datas significativas no calendario.*
- *Sabe os días da semana e, situados nun, reconece os anteriores e posteriores.*
- *Sabe os meses do ano, reconeceos no calendario e busca os anteriores e posteriores. Ademais, sabe situarse máis preto do principio-medio-final.*
- *Diferencia as estacións do ano e explica oralmente as características de cada unha delas.*
- *Localiza nunha sinxela liña do tempo a súa historia persoal desde o nacemento ata a idade actual.*
- *Utiliza nocións básicas de tempo (antes - despois, ao principio - ao final) para narrar feitos da vida cotiá respectando a orde cronolóxica.*
- *Reconece o pasado a través de restos históricos no contorno próximo.*
- *Identifica acontecementos do pasado e do presente, e a súa relación con aspectos históricos próximos á súa experiencia.*

9.3.9 Ciencias da natureza. Criterios de avaliación

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- *Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.*

- *Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou unha experiencia.*
- *Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.*
- *Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.*

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

- *Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.*
- *Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.*
- *Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.*
- *Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as dos seus compañeiros.*

Bloque 3. Os seres vivos.

- *Realizar observacións de seres vivos, formulándose previamente e durante estas, cuestións para obter información relevante.*
- *Realizar preguntas adecuadas para obter información dunha observación, utilizando os instrumentos ao seu alcance e efectuando rexistros.*
- *Recoñecer e clasificar con criterios elementais os animais máis relevantes do seu contorno así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.*

- *Identificar e observar as características das plantas e os diferentes tipos.*
- *Coñecer o coidado que requiren os animais e as plantas.*
- *Usar algúns instrumentos para realizar as observacións, como a lupa..., e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de xeito moi dirixido.*

Bloque 4. Materia e enerxía.

- *Recoñecer nalgúns materiais tamaño, cor, propiedades.....*
- *Describir algunhas medidas de reciclaxe e reutilización de materiais en situacións cotiás.*
- *Coñecer e valorar a importancia de adoptar medidas de aforro enerxético e da auga, e de protección do medio.*

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

- *Identificar e nomear algunhas das principais máquinas e aparatos e coñecer o seu funcionamento.*
- *Coñecer o uso das ferramentas e máquinas nalgúns traballos, recoñecendo a importancia de todas as profesións.*
- *Iniciarse no coidado da seguridade persoal, no uso de materiais, substancias e ferramentas de forma segura na aula e no centro.*

9.3.10 Ciencias da natureza. Estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- *De xeito moi guiado, busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, saca conclusións, comunica a súa experiencia, reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito.*
- *Iníciase no uso das tecnoloxías da comunicación e a información para aprender a aprender e para comunicarse.*

- *Utiliza as bibliotecas, videotecas, etc. e colabora no coidado e mellora dos materiais bibliográficos e outros documentos dispoñibles na aula e no centro.*
- *De xeito moi dirixido realiza pequenos experimentos ou experiencias establecendo conxecturas respecto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan.*
- *Utiliza, de xeito adecuado, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.*
- *Coñece e explica actuacións de primeiros auxilios e represéntaa en contextos de simulación.*
- *Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, preguntando para obter información e pedindo aclaracións.*
- *Iníciase no desenvolvemento de estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.*
- *Iníciase no traballo de forma cooperativa, coidando a súa seguridade, a dos seus compañeiros, as ferramentas e os materiais.*
- *Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.*
- *Iníciase na utilización de medios propios da observación, como instrumentos ópticos e de medida, consultando e utilizando documentos escritos, imaxes, gráficos.*
- *Iníciase na planificación e execución de accións e tarefas manifestando autonomía e iniciativa.*
- *Presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo, en soporte papel e dixital.*
- *De xeito guiado realiza un proxecto e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, sobre os animais, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios e comunicando de forma oral as experiencias realizadas, apoiándose en imaxes e breves textos escritos realizados segundo modelos.*

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

- *Identifica e describe as partes do corpo humano.*
- *Identifica os alimentos necesarios para unha alimentación saudable.*
- *Recoñece algún dos elementos dunha dieta equilibrada e selecciónaos de entre varios argumentando a decisión.*
- *Desenvolve hábitos para o coidado do corpo, valorando a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao corpo.*
- *Identifica e manifesta condutas de hixiene e aseo persoal.*
- *Manifesta, identifica e desenvolve condutas de aceptación do seu corpo e do dos demais.*
- *Desenvolve hábitos para a prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.*
- *Iníciase na identificación das emocións e sentimentos propios e dos compañeiros, manifestando condutas empáticas.*

Bloque 3. Os seres vivos.

- *Observa e describe múltiples formas de vida e identifica as diferenzas entre seres vivos e os obxectos inertes.*
- *Mostra interese pola observación e o estudo dos animais.*
- *Manifesta e desenvolve hábitos de coidado e respecto polos animais.*
- *Observa, describe e asocia os trazos físicos e as pautas de comportamento dos animais cos ámbitos nos que viven (camuflaxe, cambio de cor...)*
- *Observa de xeito directo e indirecto animais, identificándoos, nomeándoos e clasificándoos segundo elementos observables, onde viven?, como nacen?, que comen?, segundo a súa pertenza a algún dos principais grupos.*
- *Identifica nalgún animal moi representativo as partes que o forman e a función de cada unha delas.*
- *Identifica as características das plantas e recoñece diferentes tipos de plantas.*
- *Coñece o coidado que requiren os animais e as plantas.*
- *Utiliza a lupa para recoñecer e identificar determinados aspectos dos animais.*

- *Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de xeito moi dirixido.*

Bloque 4. Materia e enerxía.

- *Explica con exemplos concretos e próximos a relación entre algúns elementos e recursos do medio físico, as características dalgúns materiais e os usos aos que se destinan.*
- *Manifesta actitudes conscientes, individuais e colectivas, fronte a determinados problemas ambientais.*
- *Reduce, reutiliza e recicla obxectos na aula e no centro.*

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

- *Observa, Identifica e describe algunhas máquinas e aparatos do contorno.*
- *Observa e analiza o funcionamento dalgúns obxectos e máquinas, identificando algúns elementos que poden xerar risco.*
- *Observa, identifica e describe oficios tendo en conta os materiais, as ferramentas e as máquinas que utilizan.*
- *Fai un uso adecuado das substancias, dos materiais e das ferramentas na aula.*
- *Identifica e adopta comportamentos asociados á seguridade persoal e ao aforro enerxético.*
- *Iníciase no uso adecuado do ordenador.*

9.3.11 Plástica. Criterios de avaliación

Bloque 1. Educación audiovisual.

- *Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.*
- *Valorar a limpeza, os materiais e a orden na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.*

- *Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.*

Bloque 2. Expresión artística

- *Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.*
- *Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.*

9.3.12 Plástica. Estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Educación audiovisual.

- *Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.*
- *Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final.*
- *Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural.*
- *Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.*
- *Identifica os tamaños.*
- *Identifica e usa as cores aprendidas.*
- *Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.*
- *Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.*

Bloque 2. Expresión artística.

- *Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.*
- *Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.*
- *Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.*
- *Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.*
- *Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.*

- *Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas.*

9.3.13 Valores. Criterios de avaliación

- Utilizar a linguaxe non verbal de xeito adecuado.
- escoitar e sentir de xeito empático.
- Organizar os argumentos de xeito adecuado.
- Comunicar eficazmente sentimentos.
- Establecer relacións persoais positivas cos compañeiros.
- Iniciarse no pensamento altruísta.
- Implicarse no respecto ás normas do fogar e do centro escolar.
- Valorar a igualdade e a corresponsabilidade nas tarefas domésticas.

9.3.14 Valores. Estándares de aprendizaxe

- Percibe a relación entre os xestos e as emocións persoais.
- Atende aos demais cando están relacionándose con el.
- Capta as emocións das persoas que o rodean.
- Entende a importancia de pensar ben o que desexa comunicar.
- Utiliza a linguaxe dun xeito adecuado ás circunstancias.
- Comunica os sentimentos mediante as expresións.
- Recoñece actitudes agresivas e os perigos que levan consigo.
- Entende que os demais tamén teñan intereses lexítimos e preocúpase por eles.
- Coñece e asume que existen obrigas que debe cumprir.
- Colabora na casa e no centro escolar.
- Axuíza criticamente prexuízos machistas sobre a división de tarefas.

10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA

O grao mínimo de consecución dos estándares avaliados de aprendizaxe para superar as materias establecerase en función das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade. Neste punto a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria en maior ou menor medida, dos estándares avaliados de aprendizaxe. Para iso, será determinante a avaliación de ferramentas como documentos gráficos ou textuais, a disposición nos debates e intervencións, os proxectos persoais ou de grupo, as exposicións ou as elaboracións multimedia, que serán valorados sempre tendo en conta as características individuais do alumnado e do grupo.

10.1 Ciencias naturais e sociais.

- Observar algúns elementos e fenómenos naturais: o día e a noite.
- Observar algúns fenómenos atmosféricos.
- Observar algúns fenómenos naturais e humanos da contorna.
- Identificar diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes en exemplos concretos.
- Observar directa e indirectamente animais e plantas. Clasificar segundo algúns elementos observables, identificar en exemplos concretos.
- Iniciarse na aprendizaxe das relacións entre os seres humanos, as plantas e os animais.
- Aprender os hábitos de coidado e respecto aos seres vivos.
- Identificar algunhas partes do corpo humano. Aceptar o propio corpo e o dos demais coas súas limitacións e posibilidades.
- Recoñecer a respiración como función vital.
- Identificar alimentos diarios necesarios.

- Presentar o concepto da hixiene persoal, o descanso, a boa utilización do tempo libre e a atención ao propio corpo.
- Recoñecer as relacións entre os membros da familia.
- Entenderas tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.
- Introducir o concepto dos dereitos e deberes das persoas no grupo. Utilizar as normas básicas do intercambio comunicativo en grupo e respecto aos acordos adoptados.
- Recoñecer profesións comúns evitando estereotipos sexistas.
- Recoñecer as formas de organización no entorno próximo: a escola.
- Utilizar as nocións básicas de tempo (antes-despois), unidades de medida (día, semana, mes).
- Utilizar as fontes orais e obxectos familiares para reconstruír o pasado.
- Clasificar segundo criterios tanxibles a diversidade de materiais: textura, cor, forma, etc.
- Iniciarse no desenvolvemento de actitudes conscientes, colectivas, fronte a problemas medioambientais próximos.
- Identificar a diversidade de máquinas na contorna.
- Usar coidadosamente os materiais.
- Observar o comportamento asociado á seguridade persoal.

10.2 MATEMÁTICAS

- Ler e escribir calquera número do 1 ao 99.
- Localizar o anterior e posterior de calquera número do 1 ao 99.
- Ordenar unha serie de números de maior a menor e de menor a maior.
- Seguir unha serie crecente de dous en dous e decrecente dun en un.
- Resolver a suma vertical levando con números de apoio.
- Resolver unha resta sen levar.
- Sumar mentalmente cun dígito sen levar.
- Resolver un problema cun interrogante mediante unha suma ou unha resta.
- Situarse no día da semana.
- Identificar as formas básicas.
- Identificar nocións espaciais (dereita-esquerda, arriba-abaxo, diante-detrás).

10.3 LENGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

- Identificar, nomear e escribir de forma aillada en maiúsculas e minúsculas todas as letras que compoñen o código escrito.
- Ler e escribir palabras con calquer tipo de sílaba sen erros de ortografía natural.
- Responder a preguntas sobre as personaxes e as accións que aparecen no textolído.
- Escribir frases ao ditado sen unións.
- Redactar frases suxeridas para describir obxectos, narrar acontecementos, etc.
- Captar o sentido global dun texto sinxelo.
- Expresarse de forma oral.
- Recoñecer o significado de mensaxes.
- Ler en voz alta diferentes textos con ritmo e entonación axeitada.
- Captar o senso global de textos orais.
- Iniciarse na diferenciación de distintas situacións de comunicación.
- Escribir oracións sinxelas utilizando as normas básicas da lingua escrita.
- Redactar textos sinxelos aplicando as regras ortográficas e gramaticais.
- Redactar as ideas principais dun texto sinxelo.
- Valorar as ensinanzas que podemos atopar nas distintas obras literarias.
- Interesarse por coñecer a existencia doutras linguas e en particular polas que se falan no territorio español.
- Ler con frecuencia e por propia iniciativa diferentes textos sinxelos; desenvolvendo hábitos lectores.

10.4 VALORES

- Tomar conciencia e ter en conta as percepcións e opinións dun mesmo e dos demais.
- Entender a importancia da autorregulación emocional, a regulación de impulsos, o esforzo e a autorresponsabilidade.
- Ter en conta a admisión das opinións dos demais.

- Valorar as normas de convivencia.
- Conseguir ter unha táctica de interacción positiva.

10.5 PLÁSTICA

- Facer trazos sinxelos rectos e curvos.
- Retratar rostros.
- Manipular distintos materiais e aplicar técnicas con pinturas e pinceis.
- Profundizar en pintores destacados e as súas obras.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no senso de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e na súa contorna próxima.

- Participación nas actividades previstas para o curso:
 - Magosto (27 de outubro)
 - Nadal (21 de decembro)
 - Entroido (9 de febreiro)
 - Fin de curso (21 de xuño)
 - Concurso da Biblioteca e todas as actividades que deriven dela.
- Participación na actividade “A mochila viaxeira” organizada pola Biblioteca do Centro.
- Saídas ou actividades relacionadas coa práctica do curso, como por exemplo a saída a realizar como premio do concurso da biblioteca a un evento cultural-deportivo ou saídas que poidan interesar derivadas da actividade da biblioteca.
- Saída ao Concello de Visantón As Brañas de Valga.
- Participación nas actividades ofertadas polo concello de Mesía.
- Participación das actividades organizadas nas datas Conmemorativas.
- Saída final de curso.
- Algunha outra que poida xurdir o longo do curso e que se considere importante para a Programación da aula.

Como coordinadora do **Plan Proxecta**, e tendo a colaboración dos departamentos de Física e Química, Matemáticas, Lengua e literatura castelá, Bioloxía e Xeoloxía,

Educación Física de primaria e secundaria e biblioteca, traballaremos dun xeito interdisciplinar no proxecto deportivo de centro, participando en todas as actividades que del se deriven e en todas as saídas que poidan xurdir ou levarse a cabo relacionado co propio programa de motivación e activación deportiva.

Como coordinadora de **Biblioteca** e membro do **Plambe**, farase un seguimento do clube de lectura que se inaugura este ano académico 2017/18 e continuarase co segundo certame do concurso de biblioteca, debido ao éxito do curso pasado e motivación do alumnado por este evento. Todas as saídas que poidan derivar e xurdir da biblioteca, como xa se mencionou, realizaranse do mesmo xeito, ben relacionadas con aspectos literarios, lúdicos ou deportivos, tendo en conta os programas nos que estamos inmersos.

12. PROXECTO LECTOR

A biblioteca municipal, a biblioteca do centro e a biblioteca de aula serán un referente importante na realización de actividades. Na biblioteca de aula podemos atopar libros das editoriais Kalandraka, Baula, Bromera, Edelvives, revistas da escola, xornais e recursos plásticos,...

Así, cada día procederase á lectura comprensiva e á expresión oral e escrita de actividades relacionadas coa mesma a lo menos vinte minutos nalgunha das áreas a traballar. Outros espazos que utilizarei normalmente son a biblioteca do centro, na que intentaremos visitar alomenos unha vez á semana e alí comezaremos facendo relaxación coa lectura e cando se teñan adquirido o hábito do disfrute con esta, seguiremos con outro tipo de actividades como investigación dalgún tema utilizando os medios que a propia biblioteca nos poida proporcionar (enciclopedias, libros específicos, ordenadores...)

13. INTEGRACIÓN DAS TICS

O plan de integración das TICS buscará o máximo aproveitamento dos recursos materiais e humanos con que conta o Centro.

Levaranse a cabo actividades encamiñadas ao coñecemento e manexo básico do ordenador o uso eficiente e responsable da Internet e das técnicas de busca de información; actividades colectivas co canón; realización de

actividades online, etc.

As accións irán encamiñadas a acadar os seguintes obxectivos:

- Coñecer as TICs, uso e aproveitamento que nos ofrecen.
- Uso das TICs de maneira crítica, como forma de traballo, fonte de ocio, búsqueda de información.
- Empregar aplicacións educativas na súa formación curricular.
- Fomentar o uso do ordenador.
- Reforzar a lectura.
- Empregar programas de cálculo mental, resolución de problemas e operacións.
- Reforzar os contidos do nivel a través de xogos e enciclopedias online.
- Ao final de curso analizaranse dende o equipo docente os obxectivos sinalados anteriormente para concretar a súa adecuación ao alumnado.
- Valorarase a motivación do alumnado para reseñar actividades que favorezan a mesma, se é necesario, no curso que ven.